

**DECLARACIÓN XURADA DE CONVIVENCIA**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIE \_\_\_\_\_,  
 enderezo \_\_\_\_\_, código postal \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_,  
 provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_,

**DECLARA:**

Que conviviu con \_\_\_\_\_ desde a data \_\_\_\_\_  
 ata \_\_\_\_\_

E, para que así conste, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**DECLARACIÓN XURADA DE AXUDAS**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI nº \_\_\_\_\_  
 e con motivo da solicitude da subvención para a cobertura do custo de procesos de mediación familiar en Galicia, segundo a Orde \_\_\_\_\_ de 2009.

**DECLARA:**

Que non solicitou nin recibiu outro tipo de subvención, para este mesmo, fin das distintas administracións públicas.

Que as subvencións que solicitou para este mesmo fin ás distintas administracións públicas son as seguintes:

\_\_\_\_\_

(Lugar, data e sinatura)

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES**

*Corrección de erros.-Orde do 12 de decembro de 2008 pola que se establecen regras de desenvolvemento e convocatoria das probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, en desenvolvemento do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo.*

Advertido un erro no texto da citada orde, publicada no DOG número 248, do 24 de decembro de 2008, é necesario realizar a oportuna corrección.

Na páxina 23.074, na columna da dereita, na base primeira punto 2, onde di: «...2. As probas correspondentes a cada un dos indicados procesos terán lugar en sábado, domingo ou festivo, consonte o seguinte calendario:...», debe de dicir: «...2. As probas correspondentes a cada un dos indicados procesos terán lugar, preferentemente, en sábado, domingo ou festivo, consonte o seguinte calendario:...».

*Orde do 22 de decembro de 2008 pola que se acorda a cesión en propiedade de oito vehículos á Axencia da Protección da Legalidade Urbanística.*

Por medio do artigo 226 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, créase a Axencia da Protección da Legalidade Urbanística (APLU), ente de natureza consorcial que, adscrito organicamente á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, actualmente a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ten atribuídas as funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como o desempeño de cantas outras competencias lle asignen os seus estatutos.

Aprobados os seus estatutos polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro (DOG nº 222, do 16 de novembro), a APLU, logo da transferencia de medios humanos e materiais, asumiu o exercicio das competencias que en materia de inspección urbanística detalla o núm. 4 do antedito artigo 226 da Lei 9/2002, e que ata ese momento correspondíanlle á hoxe Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.